

BANDO

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

FAI SABER

BANDO REGULADOR PARA AUTORIZACIÓN DE APERTURA DE FURANCHOS NO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS.

Art.1.- Este Bando ten por obxecto a regulación da venda e consumo nos furanchos do Concello de Salceda de Caselas.

Art.2.- Teñen a consideración de furanchos aquelas adegas nas que a súa actividade principal sexa a de suministrar mediante precio o viño excedente de consumo propio que procede dos seus viñedos.

Art.3.- Os/as colleiteiros/as que pretendan vende-lo viño en furanchos necesitarán de autorización municipal, e para realiza-la actividade propia dos establecementos regulamentados na norma establecida no Decreto 116/2008, de 8 de maio, será requisito previo a autorización de apertura e cualificación turística.

Art.4.- A autorización municipal outorgarásese previa solicitude presentada polo/a interesado/a, na que faga consta-lo lugar exacto no que se sitúa a actividade; o número de litros que se pretende vender; a variedade ou variedades de uva do que procede, e o período no que pretende poñer á venda, o seu consumo, que, en ningún caso, poderá ser superior a tres meses durante o período que vai dende o 1 de decembro ata o 30 de xuño. Fora deste período non pode estar aberto ningún furancho.

A solicitude deberá ir achegada da seguinte documentación:

1.- Fotocopia do D.N.I. Do/a solicitante.

2.- Fotocopia autentica de ter efectuado perante a Axencia de Extensión Agraria a declaración de produción da campaña anual.

3.- Xustificante de pagamento de taxa devengada pola tramitación da autorización solicitada.

4.- Copia seguro de responsabilidade civil do local.

Art.5.- O concello reservase a facultade de constatar en calquera momento a observancia e cumprimento das condicións hixiénico-sanitarias necesarias para o desenvolvemento desta actividade, debendo conta-lo establecemento con iluminación e ventilación.

Art.6.- Os produtos alimenticios a ofrecer deberán proceder de establecementos autorizados, non podendo en ningún caso requirir elaboración ou transformación no propio furancho. Estes produtos, ademáis, deberán estar perfectamente etiquetados e documentados. En ningún caso se permitirá a venda de outras bebidas alcohólicas, refrescantes ou infusións.

Art.7.- Os furanchos exporán, en lugar visible, unha placa identificativa coa clasificación de furancho, e poderán anuncia-la súa existencia mediante o distintivo tradicional da pola do loureiro.

Art.8.- O horario de apertura para a venda e degustación do viño será dende as 12:00 horas ás 15:00 horas e das 19:00 horas ás 24:00 horas.

Art.9.- O constatado incumprimento deste Bando dará lugar á revogación automática da autorización condedida.

Art. 10.- O Concello de Salceda de Caselas procederá á apertura dun rexistro de furanchos.

Art. 11.- As instalacións haberán de cumprir coas condicións establecidas polo Decreto 314/2006, no referente a condicións de Seguridade en caso de Incendio e condicións de Seguridade de Utilización e Accesibilidade; e polo Decreto 35/2000 Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

O que se anuncia para público coñecemento e cumprimento.

Salceda de Caselas, 1de Outubro do 2012

O ALCALDE

D. Marcos D. Besada Pérez